



## **Á CONSELLARÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA**

Xesús SEIXO FERNÁNDEZ, con NIF 32.402.822-P, en representación do sindicato CONFEDERACIÓN INTERSINDICAL GALEGA (CIG), do cal é secretario xeral, con domicilio para notificacións na rúa Miguel Ferro Caaveiro, 10; 15703 Santiago de Compostela, **EXPÓN:**

Que, ao abeiro do disposto nos artigos 116 e 117 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de rexime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común (LRXPAC), interpón RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN contra tres Ordes da Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria do 7 de febreiro de 2008, polas que se fan públicas as composicións dos consellos sociais das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, publicadas todas tres no DOG n.º 39, do 25 de febreiro de 2008.

O recurso baséase nos seguintes antecedentes de feito e fundamentos xurídicos:

### **ANTECEDENTES DE FEITO**

PRIMEIRO. Mediante un escrito que tivo entrada na Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria o día 12 de febreiro de 2008, a CIG designou os seus representantes nos consellos sociais das universidades da Coruña, Santiago de Compostela e Vigo, ao ter coñecemento informal de que se estaba a tramitar a renovación da súa composición por expiración do mandato. En ningún momento a Consellaría ou os propios consellos sociais se dirixiron a este sindicato para tratar sobre a cuestión.

SEGUNDO. En resposta ao referido escrito, o director xeral de ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galiza emitiu unha resolución, de data 18 de febreiro de 2008, dirixida ao secretario nacional de CIG-Ensino, na cal explicaba, en síntese, que xa estaba feita



unha proposta de designación dos membros dos consellos sociais consoante aos datos de representación sindical do momento en que se iniciou o expediente administrativo (outubro de 2007) ou da data de finalización do mandato dos anteriormente nomeados (novembro de 2007), correspondendo naquelas datas o segundo posto nas eleccións sindicais ao sindicato CC OO. Mesmo recoñecendo que actualmente este posto corresponde á CIG, manifesta que non procede a modificación da proposta por un principio de «seguridade xurídica». Finalmente, expresa o desexo da Consellaría e dos propios consellos sociais de que os tres sindicatos máis representativos estean presentes nestes órganos administrativos, o que se fará posíbel no momento en que se modernice a lexislación universitaria galega.

TERCEIRO. A 20 de febreiro de 2008, a CIG presentou un novo escrito perante a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria manifestando o seu criterio contrario aos argumentos expostos polo director xeral de ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galiza e solicitando novamente o nomeamento dos representantes designados pola CIG no escrito do 12 de febreiro de 2008 como membros dos consellos sociais das universidades do sistema universitario de Galiza.

CUARTO. Mediante as tres Ordes impugnadas, publicadas oficialmente o 25 de febreiro de 2008, faise pública a composición dos tres consellos sociais, incluíndo os membros designados por Comisións Obreiras de Galicia e omitindo os designados pola CIG.

QUINTO. A CIG ten a condición de sindicato máis representativo, para os efectos establecidos no artigo 7.1 da Lei Orgánica 11/1985, do 2 de agosto, de liberdade sindical. Consoante á certificación da Dirección Xeral de Relacións Laborais da Consellaría de Traballo da Xunta de Galiza que foi achegado no seu momento, a CIG obtivo o segundo posto nas eleccións sindicais realizadas na Comunidade Autónoma de Galiza entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de decembro de 2007, ao obter 5.628 representantes electos, fronte aos 5.588 que obtivo a terceira forza sindical, CC OO.



## FUNDAMENTOS XURÍDICOS

O artigo 7.3 d) da Lei de Galiza 1/2003, do 9 de maio, dispón que forman parte de cada consello social universitario: «*Dous membros designados polos sindicatos máis representativos no territorio da Comunidade Autónoma de Galiza*». Esta norma foi interpretada pola Sala do Contencioso-Administrativo (Sección Primeira) do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, na súa sentenza do 21 de xuño de 2005 (Autos n.º 82/2004), no sentido de atribuír un membro a cada un dos sindicatos que obtiveron, respectivamente, o primeiro e o segundo posto nas eleccións sindicais no momento de se produciren os nomeamentos.

Tal como indicamos no antecedente de feito quinto, nas eleccións sindicais realizadas na Comunidade Autónoma de Galiza entre o 1 de xaneiro de 2004 e o 31 de decembro de 2007, a CIG foi a segunda forza máis votada, desbancando deste posto o sindicato CC OO. Por conseguinte, a designación dos dous representantes de extracción sindical en cada un dos consellos sociais corresponde aos dous sindicatos máis representativos que obtiveron maior audiencia electoral, isto é, UGT e CIG. Contrariamente ao que parece desprenderse do escrito do director xeral de Ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galiza, estes datos de representatividade son os que serven como referencia para establecer a representatividade sindical durante os catro anos seguintes, isto é, no período de duración do mandato regulado no artigo 9.2 da Lei 1/2003, do 9 de maio.

Ao que acabamos de expor non é óbice o feito de que os expedientes administrativos para a renovación dos consellos sociais comezasen antes de que se producise o *sorpasso* de CIG a CC OO. Neste sentido, e aínda sendo certo que se produciron designacións anteriores ao 31 de decembro de 2007, non pode descoñecerse o feito de que, no momento en que se publica a composición dos consellos (25 de febreiro de 2008), a Consellaría de Educación e Ordenación Universitaria xa recibira as designacións realizadas pola CIG e tiña coñecemento fidedigno de que era a este sindicato a quen correspondía realizar tales nomeamentos, tal como recoñece o director xeral de ordenación e Calidade do Sistema Universitario de Galiza no seu escrito do 18 de febreiro de 2008, onde di literalmente: «*solicitada información á*



*Consellería de Traballo, infórmansenos, que a condición de sindicato máis representativo na comunidade autónoma, de acordo co sinalado no artigo 7.3 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, dos consellos sociais do sistema universitario de Galicia, en data 31.12.07 corresponde á CIG».*

Neste mesmo sentido, é importante salientar que, conforme ao disposto no referido artigo 7.3 d) da Lei 1/2003, do 9 de maio, a competencia para a designación dos representantes dos sindicatos non corresponde á Administración, senón aos propios sindicatos, polo que as designacións feitas no seu momento por CC OO deben entenderse decaídas por perda sobrevida de representatividade no momento en que deben surtir efectos (que é cando tales designacións se fan públicas) e, en todo caso, substituídas pola que realizou a CIG, como unha consecuencia obrigada do principio xurídico «*tempus regit actum*», segundo o cal os actos son regulados pola normativa e na forma vixente no momento en que producen a súa eficacia. No presente caso, non existe controversia sobre o feito de que, no momento en que se dá publicidade á composición dos consellos sociais, o segundo posto nas eleccións sindicais corresponde á CIG, como puxo de manifesto este sindicato ao realizar as designacións oportunas, que nin sequera serían necesarias, habida conta de que os principios de eficacia e coordinación recollidos no artigo 103.3 da Constitución obrigarían a Administración a verificar a representatividade sindical no momento dos nomeamentos, máxime cando este se producen xusto despois dun período de eleccións sindicais.

En coherencia co anterior, interesa a declaración de nulidade dos actos administrativos impugnados, por infracción legal e vulneración do dereito fundamental de liberdade sindical do artigo 28.1 da Constitución, na súa vertente de dereito á participación institucional.

Polo exposto,

**SOLICITA:** Que teña por presentado este escrito e por formulado recurso de reposición contra os actos administrativos de referencia, ditando no seu momento resolución pola cal, con estimación do recurso, declare a nulidade ou subsidiariamente anule os actos impugnados no extremo concreto de facer públicos os membros dos consellos sociais



designados por Comisións Obreiras de Galicia, nomeamentos que haberán de ser substituídos polos realizados pola Confederación Intersindical Galega en escrito de 12 de febreiro de 2008, a saber: Xesús Antón Bermello García como membro do Consello Social da Universidade da Coruña, Francisco Xesús Anxo Louzao Rodríguez como membro do Consello Social da Universidade de Santiago de Compostela e Marta Dacosta Alonso como membro do Consello Social da Universidade de Vigo.

Santiago de Compostela, 5 de marzo de 2008

Xesús Seixo Fernández  
Secretario Xeral da CIG